

Os personaxes das ve-
dras lendas dóricas, áti-
cas ou eólicas, mesmo as
que se cantaron en lin-
guas máis antigas coma o
Lineal A ou o B, sempre
exerceron unha atrac-
ción moi forte na mente
occidental, que se confor-
ma coa universalización
do dogma que Saulo de
Tarso traslada a Roma.
Aquelas espantosas loitas
e liortas de xefes tribais
en sociedades agrarias
cativaron a imaxinación
das mentes máis lúcidas
das nosas literaturas. Ou-
tros autores, non menos
destacados, coma Wil-
liam Butler Yeats, atopar-
on inspiración en sagas
non menos heroicas e
sanguentas que durante
tantos anos permanece-
ron ocultas, mesmo furta-
das, por razóns que apun-
tan a mesquindades
enormes.

Máis recentemente, as
peripecias daqueles he-
roes de epopeas e poe-
mas trágicos incendiaron
a imaxinación dos que ti-
ñan que facer fronte aos
problemas dun presente
complexo, sumamente di-
fícil, cando a expresión
non era libre e as persoas
moito menos. Velaí temos
a *Antígona* de Jean
Anouilh, escrita en 1942 e
estreada en febreiro de
1944, cando a ocupación
alemá era máis tensa en
Francia, moito máis cruel.
Pero tamén temos *As
moscas*, de Jean-Paul Sar-
tre, outro exemplo nota-
ble de cómo aqueles con-
flitos de tempos pasados
se vinculaban co presen-
te e lle daban unha di-
mensión nova.

Manuel Lourenzo leva
medio século explorando
esa mesma materia, de
forma insistente e reco-
rrente. Xa nos seus pri-
meiros textos, *Romería ás
covas do demo*, agroma
esa mancha de personax-
es sobre os que unha e
outra vez vai volver, qui-
zais sentindo que a me-
llor maneira de entender
ou denunciar o noso pre-
sente proveña da con-
templación distante do
pasado. Un presente con-
flictivo, coma o que viven
as xentes na etapa fran-
quista ou en pleno tardo-
franquismo (*Traxicome-
dia do vento de Tebas na-
morado dunha forza, For-
zas eléctricas*), ou un pre-
sente complexo e
incerto, derivado das ver-
tices que provoca a con-
dición humana (*Electra*).
E así, a lingua galega
abrolla nos beizos de Cli-
temnestra, Oreste, Hipólito,
Electra, Fedra, Antígona
ou Creonte, unha ma-
neira de lle dar pulo uni-
versal e arrecedo clási-
co.

Entre os personaxes
daquel tempo, moitas mu-
lles, cómpre destacar a
forza telúrica de Medea,
quizais por ser quen asu-
me a posición máis radi-
cal, derivada dunha situa-

ción extrema. Foi a figura
central dun texto homó-
nimo co que Eurípides se
presentou nas Festas de

Dionisio no ano 431 antes
da nosa era. Quedou ter-
ceiro; é dicir, de último.
Por diante foi Euforión

(fillo de Esquilo), e des-
pois Sófocles. Eurípides
legou á humanidade un
dos textos que con maior

claridade e precisión
mostran o agromar da
conciencia na máscara,
que, coa palabra, se con-

verte en persoa, e así ad-
quire conciencia de ser
ente individual na fabri-
cación do seu propio
pensamento, que se torna
hipótese, acción posible.
Trátase daquela mesma
conciencia que mostrara
o Vixía no abreinte da
Orestía de Esquilo, nun
monólogo breve e fasci-
nante, que despois van
explotar ata límites insos-
peitados autores coma
Joyce e Proust.

Lourenzo, coma en ca-
sos anteriores, recolle os
que entende como ele-
mentos substantivos, e re-
nuncia ao que para o seu
proxecto resulta acceso-
rio. Medea forma agora
parte dun grupo de in-
submisos fuxidos e arma-
dos que habita na monta-
ña, e Xasón pacta co xefe
local, don Miguel, O Ca-
rangueño, a súa traición, e
o futuro dos antigos com-
pañeiros, asasinados, da
súa compañeira, exiliada,
e do seu fillo, acollido pola
súa nova muller, a filla
do crustáceo. Dous monó-
logos serven para mos-
trar aquela carraxe ínti-
ma que sente a muller
cando descobre a dimen-
sión da venda e da súa
soidade. Dous monólogos
de amor e morte cos que
Medea maquina a súa
vinganza horrible, coma
eses freixós feitos co san-
gue morno da propia nai
de Xasón.

Ademais desta *Medea
dos fuxidos*, o volume in-
clúe outros textos, que
mostran a diversidade
que caracteriza a obra
dramática de Lourenzo,
un autor que explora cer-
tamente outras temáticas,
como acontece no que ti-
tulara *Magnetismo* e que
por si mesmo xa xustifica
toda unha carreira litera-
ria. E nesa dirección, o vo-
lume ofrécenos *Despois
do temporal*, que recrea
os amores e desamores
que se van tecendo nun-
ha familia que non deixa
de nos lembrar aquelou-
tra liorta que se vive na
casa de Teseo cando na
súa muller Fedra agroma
aquela paixón irrefreable
por Hipólito. Completan o
conxunto *Informe da ci-
dade opaca*, *Rodaxe*, *Elisa
na chaira* e *Adelina mo-
reu afogada*.

LOURENZO, Manuel,
*Medea dos fuxidos e
outras pezas*, Ed. Biblos,
Cesuras, 2010 PVP 17 €



Freixós de sangue morno

Cos vellos ritos agrarios

MF VIEITES

Quizais a dimensión intemporal
dos clásicos veña dada polo feito
de seren eles os primeiros autores
que deitan nos textos conflitos que
teñen un valor universal, pois todas
as culturas, mesmo con variacións,
os coñecen. Na fin, son os vellos
conflitos que agroman nas socie-
dades agrarias que ata hai ben
pouco eran dominantes en toda a
extensión do planeta, conforman-
do culturas que presentan todas
esas semellanzas que tan ben sou-
beron mostrar ensaístas como Ja-
mes George Frazer ou Mircea Elia-

de.

Personaxe central na saga dos
Argonautas, na súa peripecia per-
soal Medea pode ser moitas cou-
sas, ter moitas caras: feiticeira pode-

as artes máis diversas se ocupa-
sen da figuración da súa existen-
cia, desde as artes plásticas á ópera.

Na literatura dramática, esa im-
postura foi recreada por Séneca,

Medea, a ibera

rosa, traidora entolecida, estranxei-
ra desprezada, muller abandonada,
nai amantísima ou asasina hor-
rible. Esa complexidade na súa
conduta provocou que creadores

Racine, Jean Anouilh ou Heiner
Müller, e hai pouco podiamos ver
en Galicia un espectáculo de Atala-
ya Teatro que daba conta desa trela
arrepante de traicións e vinganzas,

as mesmas das que se alimentan
todos eses feitos que un día si e ó
outro tamén sacoden os titulares
dos xornais. Pois malia habitar un
mundo cada vez máis tecnolóxico,
no noso ADN aínda pesa moito a
nosa condición agraria.

Hai máis. Medea nacera naque-
las terras incógnitas que se deno-
minaban "Cólquida", e que tan pró-
ximas están á Iberia primixenia, nai
destouta que tanto amaba José Sa-
ramago. Velaí un camiño ben in-
terresante para afondar nesas lendas
milenarias.